TABOA

a voz do pobo

¡proletarios de todo-los paises unídevos!

órgao do partido comunista de galicia

ANO VIII - Nº13 - 18 de Outono de 1976 Precio 10 pts.


RESOLUCION DO PLENO AMPLIADO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

PRESENTACION

O xoves día 14 de Outono de 1976 tivo lugar nun hotel de Vigo unha roda de prensa convocada polo C.C. do PCG, pra comunicar ós medios informativos a Resolución de Pleno ampliado do C.C. celebrado hai uns días. Entre os medios informativos asistentes tópabase A Voz do Pobo.

A delegación estaba composta por 8 membros do devandito C.C. ó frente do cal estaba o camarada S. Alvárez.

O primeiro que se fixo foi dar lectura á Resolución que reproducimos neste número. A continuación respostóuse ás preguntas dos xornalistas comentándose os aspectos fundamentales da Resolución. Os temas onde se fixo máis fincapé foron as prespectivas do PCG cara a consecución do partido de masas, o papel e perspectivas do noso periódico A Voz do Pobo, a problemática da muller así como o traballo e levar a cabo nos prósimos meses cara ó III Congreso.



I

O proiecto de reforma de Suárez que comenzóu facendo concesiós, as máis verbales, á presión popular e da oposición, está acabando igual que o de Arias e Fraga: reprimindo as reivincicaciós e loitas democráticas e deixando a decisión nas mans do Consello do Movimento e das Cortes.

O atentado de Guipúzcoa, cuia condena sin reserva reiteramos, é un síntoma claro de cómo pódense multiplicar os actos de provocación e de violencia, en beneficio [illegible] da [illegible] dereita, de seguir o Goberno

na súa negativa a negociar a salida pacífica da crise.

As medidas económicas de conxelación salarial e despido libre decididas polo derradeiro Consello de Ministros agravan en vez de mellorar a difícil situación dos traballadores diante o alza de precios e o paro crecente. Os despedidos siguen sin ser readmitidos e o Goberno prohibe unha manifestación en Vigo en favor da amnistía laboral, polo que protestamos enérxicamente.

Perante o mes de Setembre foron cerca dun millón os traballadores, e outros cidadáns, que fixeron folga e saliron á rúa. A partir distes intres hai que movilizar hasta o último traballador, pra impedir que se apliquen ditas medidas e pra que se deroguen. Este ouxetivo esixe paros, folgas e aciciós xeneralizadas. Sóio a nivel xeral pode a clase obreira ganar esta batalla.

O home da calle ve que o Goberno impón topes salariales, facilita reaxustes de plantillas, prohibe actos e reprime manifestaciós con saldo de mortos e tiros; promete democracia de palabra e aplica a represión de feito. Levamos así 10 meses. E moi comprensible, logo, que sin ilusiós na reforma o pobo acuda ás folgas e ás xornadas de loita. As forzas democráticas que as convocan non fan mais que espresar os desexos populares.

Pra por fin á situación de falla de garantías democráticas, de confusión e inestabilidade, propicia á violencia de distinto signo, é necesario encetar urxentemente negociaciós entre o Gobernó e a oposición democrática cara a libertade de todos os partidos políticos sin escepción, cara a formación dun Goberno de amplo consenso democrático, que organice eleciós plenamente libres, a unha Asamblea Constituínte.

O PCG apela o sentimento patriótico das instituciós permanentes do Estado, singularmente ás Forzas Armadas a apoiar esa perspectiva.

O CC do PCG chama as forzas liberales ó marxe das plataformas unitarias a asumir as súas responsabilidades históricas vencellándose a aquelas cara á negociación.

Agardamos que pronto seña ratificada por CD a proposta feita en Valencia pola Comisión de Enlace de constituir a Plataforma de Organismos Democráticos, e que as forzas galegas, catalás e vascas que non están integradas na mentada Plataforma o fagan. Chamamos o pobo galego e a todas as forzas democráticas a secundar a semán de loita pola alternativa democrática do 25 ó 31 de Octubre.

II

Os comunistas galegos levamos anos loitando, xunto con outras forzas, por "acordar a tempo un pacto de unidade galega". Pensamos que hoxa están maduras as condiciós pra concretalo. Ou lográmolo, ou as consecuencias poden ser irreparables. Trátase de obter unidos: amnistía total, liberdades, Goberno Provisional de Autonomía e proceso constituínte galego dende o primeiro día en que sexa realidade a alternativa democrática a nivel de Estado. Chegóu a hora de poñer fin á bipolarización da oposición, constituído pola casi totalidade dos partidos e organizaciós sindicales un novo organismo de direción política e representación galega.

Un plano do urxente allemento da unidade política galega ten que ser a constitución da ASAMBLEA DE GALICIA, plataforma unitaria de movilización e organización popular de masas, [illegible] to coas forzas da cultura e sectores das clases medias.

De primordial importancia pra facer realidade o poder democrático en Galicia e a organización política da burguesía liberal e democrática galega. Cremos que a oposición de esquerdas ten que percurar modos de coordinar cos grupos e personalidades deste sector social, cuio aporte é necesario cara ó logro da democracia e da autonomía. Eles mesmos deben comprender que si non ocupan o valeiro político esistente, debido a súa actitude, váino facer a "Santa Alianza" de Fraga, Fernández de la Mora e Silva Muñoz.

Na falla da plena unidade da oposición e no retraso político da burguesía galega, están as causas de que a vida política en Galicia seña aínda cousa de iniciados e permaneza en boa parte subterránea. Reflexo desta realidade e que non esiste un xornal galego que esté en posiciós claramente democráticas e autonómicas.

Por iso é máis precisa a presión da oposición e do pobo pola democratización da prensa legal, das ins-

tuciós culturales, dos Colexios Profesionales, e tamén de sectores da Administración. É necesario lograr unha vida política máis democrática, máis galega e máis aberta.

Nosa direción non se debe subestimar o papel e xogar polas Táboas Democráticas, mentras non entren en funciós órganos da alternativa política galega máis efectivos. As táboas han de terminar coa súa aición a conquista dunha nova cota unitaria, como noutro tempo fixeron as Xuntas Democráticas.

III

As CC.OO. acordaron transformarse nun sindicato de novo tipo, a traveso dun proceso iniciado cos bonos, que pasa agora mesmo por unha vasta campaña de afiliación e de debate de masas, proceso que culminará nun congreso do mentado sindicato. O CC do PCG acorda apoiar iste paso transcendental pra dotar a clase obreira galega i española dun poderoso sindicato de masas de clase nin gremialista nin burocrática sinon sociopolítico, asambleario e independiente dos patróns do Goberno e dos partidos.

As masas labregas e mariñeiras, un sector das cales formaba nas Comisiós Campesiñas e nas Comisiós Mariñeiras, deben tamén encadrarse, sin perda de tempo, pois as necesidades de loita son grandes, en potentes organizaciós sindicales democráticas. Máis, na cuestión sindical menos que noutras, non valen nin paralelismos nin transplantes mecánicos entre a cidade, o campo e o mar: trátase de situaciós específicas que requiren tratamentos específicos.

A necesaria construción do Sindicato Democrático de todos os Estudantes na Universidade galega, é unha tarefa que require a másima dedicación dos estudantes comunistas.

IV


Estamos vivindo un despertar da concencia nacional galega sin precedentes O motor principal dese feito é o movimento obreiro e popular. Para que chegue a bon porto o crecente movimento nacional de Galicia compre que iste supere definitivamente os aspectos negativos que no terreo ideolóxico o político lle veñen de certo grupo elitista de tendencia ó separatismo á pretender ó monopolio da galeguidade que menosprecia as masas populares e que baraxe concepciós non científicas da realidade como é calificar a Galicia igual que unha colonia semellante a Angola.

Por outra banda, compre que o PCG, polo lugar que ocupa no movimento obreiro e de masas e na reivindicación política galega, remate de asumir as tarefas como partido nacional no relativo ó frente cultural: uso da nosa língoa defensa das reivindiciós culturales específicamente galegas. A nosa loita en defensa das reivindicaciós socio-económicas galegas debe reforzarse. Debemos desenrolar unha maior aición de masas polo Estatuto de Autonomía e constituir a elaboración táctica i estratéxica que lle son propias ó PCG.

Outro tanto invitamos a facer a aquelas forzas que connósco veñen xa protagonizando a defensa da nosa nación e a loita en van -







garda polo Goberno propio no camiño da autodetermiñación e do Estado demo - crático federal.

Frente a ideoloxía de orixe e base social peque no-burguesa e burguesa, os comunistas galegos nos ratificamos no marsismo re volucionario como a ideolo xía de liberación nacional.

V

O CC do PCG convoca a to dos os militantes e ó pobo galego, en Galicia e na e-migración, a conmemorar o próximo mes de xaneiro de 1977, o OCTAVO ANIVERSARIO DA FUNDACION DO PCG, que se cumple ó mesmo tempo que 56 anos de loita dos comunistas galegos, xa que a presencia dos comunistas no movimento obreiro, campesiño e mariñeiro galego data do ano 1921 cando se fundóu o PCE.

Co espallamento aberto da propaganda encol de PCG e do Aniversario e mais coa organización de mítines e actos públicos en xaneiro, serán ouxetivos da Campaña VIII Aniversario: incremen tar en varios miles os afi liados ó PCG, i espallar 20.000 exemplares de A Voz do Pobo.

O reparto do carnet do Partido, a construción das Agrupaciós Comunistas mediante asambleas onde se esplique qué é o PCG e qué fins persigue, serán ins - trumentos decisivos pra que as organizaciós do Par tido que podan cubrir os ouxetivos de crecemento que teñen que situarnos en 25.000 militantes e adhe - rentes nas portas da democracia.

A apertura de locales do Partido; a posta en prácti ca de plans completos de organización, descentralización, e formación políti ca dos militantes en cada nivel do Partido; a elevación de calidade no traballo político; volverse máis cara o campo e o mar; intensificar a presencia comunista entre as masas femeninas; erguer o PCG na emigración, son pasos in - dispensables cara ó PCG de masas.

O ésito da Campaña ven condicionado en primeiro lugar porque cada organi - zación de base, cada Comité do Partido, empece a traballar dende agora mesmo designando ouxetivos concretos, i en segundo lu gar polo apoio que a nosa iniciativa e propaganda concite no pobo galego. O prestixo do PC fai posi - ble que a Campaña sexa secundada polas máis amplas masas populares.

O CC do PCG aprobóu a campaña de financiación de 5 millós de pesetas en cin co meses vencellada a conquerir A Voz do Pobo semanal e pola millora en xe - ral da nosa propaganda, e fai un apremiante chamamen to a todos os militantes, simpatizantes e amigos, a todo o pobo traballador pra que contribuian ó ési to desa campaña económica.

O Comité Central tomóu a resolución de celebrar o III CONGRESO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA nos primeiros meses do prósimo ano, co fin de discutir as tarefas do PCG nese intre concreto, e de debatir e aprobar a actualización do Programa do PCG, pró que se pon en marcha a comisión do Programa ... no II ... con novos membros.

O III CONGRESO ... o resultado dun amplo debate entre os comunistas i entre as masas encol dos documentos do Pleno ampliado do CC, do Programa Provisional do PCG e doutros materiales. Neste proceso as Conferencias das diferentes organizaciós do Partido, unhas xa realizadas e outras previstas prósimamente, son formas de concretar a preparación do CONGRESO.

O PLENO AMPLIADO DO CC DO PCG

GALICIA, OUTONO DE 1976

(da pax 5)

e a súa proieción pública en asambleas e actos.

.... Frente ós que interesadamente propagan a idea de que o Partido medra e actúa millor en condiciós de clandestinidade, nós afirmamos que pra cumplir istes ouxetivos políticos e organizativos necesitamos a plena libertade. Con querir iste ouxetivo de in mediato en conxunción coas demáis forzas democráticas e populares é a nosa tarefa máis urxente.

II Conferencia da Organización da Cruña do PCG

20 de setembre de 1976






Foto [illegible]

Resolución política (Estractos)

.... Consideramos urxente a constitución da Táboa Democrática da Cruña e a posta en pé dun proceso masivo de debate encol do significado real que a Autonomía representa hoxe pra Galicia. Iste proceso debe culminar na creación da Asamblea de Galicia como organismo de masas.

.... As loitas que estánse a levar hoxe na Cruña, especialmente as folgas da construción e do metal marcan cotas novas de movemento obreiro na loita polas súas reivindicaciós. ... Podemos decir que na Cruña o outono de masas ten encomenzado xa con impresionante forza.

.... Non agardaremos a que se nos recoñeza senón que loitamos por impoñer a nosa legalidade, de feito, ó traverso da nosa presencia e no abandono da clandestinidade. Somos o primeiro partido na Cruña que niste mesmo mes tentóu espoñer pública e abertamente súas posiciós nun mitin político. O feito de que iste teña sido prohibido gubernativamente non é impedimento pra valorar positivamente o noso impacto e capacidade de convocatoria ó ter achegado cerca de 3.000 persóas ás portas do Pabellón Polideportivo despóis de ter espallado masivamente a propaganda do mitin pola Ciudade e redores.

é un principio [illegible] de nosa política de someternos á [illegible] da opinión, de nosa vocación [illegible] como Partido de masas. Manifestamos noso ouxetivo de abrir un local público do PCG na Cruña, como parte do proceso de fortalecemento e multiplicación da organización local do Partido.

.... O crecemento masivo [illegible] formas flesibles de organización, a sustitución das células, formas de organización típicamente clandestinas, polas agrupaciós e federaciós que sobre as bases sectoriales e territoriales permiten o encadramento dunha chea de afiliados que non necesariamente [illegible] participar de xeito regular nas tarefas de militancia e de dirección política.

.... A flesibilidade dos afiliados esixe elevar a calidade e intensidade do traballo político de dirección, descentralizando tarefas mediante órganos intermedios, apoiando as iniciativas das organizaciós da base, promovendo a tarefas de dirección ós líderes que van xurdindo na loita de masas, [illegible] os métodos colectivos de discusión i colaboración política ([illegible], plenos ampliados dos comités, [illegible] de traballo); elevar a formación política dos militantes [illegible]

cursillos; potenciar o [illegible] do [illegible]

prensa, democracia comunista

Nas páxinas de "El Ideal Gallego" tivemos ocasión de lér o 1º de outono (precisamente ese día) unha editoral na que o xornal apuntaba algunhas "reflesiós" baixo o título xenérico de "El timo de la democracia comunista".

... que si os comunistas fan a revolución en nome do proletariado e logo implantan unha férrea ditadura...

... que si o uso das libertades democráticas non é outra cousa que o terror e a represión...

... que si os dirixentes do comunismo español veñen de Moscú "con el oro, el incienso y la mirra"...

En fin. Unha longa lista de"argumentos" apretuxados agresivamente en cincoenta liñas do millor aproveitadas pra retorcer a nosa faciana, deica darlle a pinta demoníaca que eles gostarían que tivéramos.

Vos preguntades compañeiros lectores, por qué adicamos un anaco de AVDP a este tipo de difamación sí non é ninguha novedade, sí é o pan de cotío precisamente de todos os antidemócratas do Estado, como primeiramente Arias e Fraga e agora Suárez.

A razón é ven sinxela. Con recordalles ós responsables diste xornal as más elementáles normas de conducta democrática na información, nos conformamos. Sí se dan por enterados moi ben, senón axudaremos a que cadaquén xusgue que tipo de prensa tén diante.

Imos ser breves. Non imos facer un artigo-resposta, insistindo unha vez máis en AVDP -porque na práctica ningún home honrado pode negalo- no noso sinceiro carácter democrático reafirmado desde 1956, cando "El Ideal Gallego" da única política que sabía era a dos veraneos do "Caudillo"; que non somos ningunha secta "subversiva", senón amplos sectores do pobo galego e do conxunto do Estado, organizados ó redor duns idéales que coidamos responden ouxetivamente as necesidades do 90% da pobóación: o socialismo na libertade, frente ó capitalismo consumista e agresivo.

Pra calquera demócrata sinceiro, por democracia informativa débese entender fundamentalmente dúas cousas: 1) o respeto a verdade e 2) a pluralidade informativa, son dous dereitos básicos inaliendables do pobo galego e de calquera pobo do mundo.

Vaiamos por partes.

1º) A veracidade informativa como eisixencia cidadán. Non se pode decir A onde a realidade é B. Non se pode decir que o PCE quer a democracia pra destrufla cando a súa liña é de respeto a vontade popular manifestada en libres eleciós. Non se pode suxerir que o PCE está pola ditadura do proletariado cando non está.


Claro que tamén hei verdades a medias que resultan falsedades de gran tamaño. Por exemplo, poñerse a contar "las crueldades del comunismo" non de propia boca senón utilizando as alleas, como a de Bertold Bratch do que na editorial devandita recollénse unhas frases ailladas de críticas á burocracia [illegible] como un [illegible] fiando [illegible] non [illegible] te honrado revolucionario. Pero si esta [illegible] dos é indignante, inda hai outra peor: identificar o comunismo actual co estalinismo, [illegible] os comunistas [illegible] somos de "[illegible]" os que invadiron Checoslovaquia e Hungría. [illegible] Ideal Gallego" quer reproducir opiniós [illegible] comunistas ¿por qué non [illegible] declaraciós de [illegible] tan pouco sospeitosas de "totalitarios" como R. Giménez ou T. Galván, que nos recoñocen como un partido democrático, en [illegible] tar o que pensan [illegible] C. Roy e B. Bratch [illegible] sos? Por qué ó falar do "[illegible] comunismo" non fala [illegible] linguer, Marchais, [illegible] Tamames ou Santiago Álvarez, e utiliza [illegible] de Praga contra nós [illegible] fomos os primeiros en denunciala?

Todo es [illegible] formar [illegible] dos ollos do pobo gal[illegible] veracidade informativa é o primeiro dereito democrático dos cidadáns. A [illegible]ción e a mentira [illegible] son armas que o fascismo utiliza como única maneira de non quedar [illegible] do diante dos ollos de todos.

2º) O respeto á pluralidade informativa. Cando [illegible] unha editorial [illegible] que [illegible] oportunidade de [illegible]

I CONFERENCIA DA O.U. DO P.C.G.

CONCLUSIOS (ESTRACTOS)



Mesa da I Conferencia da O.U. do PCG

INTRODUCION

TENSE celebrado no mes de Setembre a I Conferencia de Organización Universitaria do PCG, na cal participaron a maioría dos militantes da devandita organización xunto cunha delegación do CE do PCG presidida polo noso Secretario Xeral S. Alvarez, e unha representación do Comité Local de Santiago.

A situación pola que atravesa o pais e as novas necesidades que ten hoxe o Partido, facían urxente a celebración desta Conferencia, que xa viña precedida pola Asamblea celebrada no derradeiro mes de Maio, na que por motivos de seguridade non poideron asistir todos os militantes. A celebración desta I Conferencia a valoramos como un ésito político e un importante salto adiante da nosa Organización, en canto marcóu unhas perspectivas políticas e de actuación práctica claras, pra o curso que escomenza xa...

O orden do día da Conferencia foi o seguinte:

1- Información política e perspectivas do movimento estudiantil.
2- Organización de masas e o sindicato democrático.
3- Organización interna do Partido.
4- Eleición do Comité Universitario.

CON respecto a este último punto, a prime [illegible] sión, fixo unha propo[illegible] Comité Universitario.

A Conferencia aprobóu por una[illegible] seguintes conclusiós:

A situación política actual [illegible] cipación do movimento [illegible] tura; dentro do marco da situación [illegible] ca pra os comunistes galegos é pois [illegible] importante que nunca, que o M.E. e Universitario definanse e participen activamente no proceso de ruptura, é decir, que se inserte no proceso de ruptura [illegible].

PERSPECTIVAS DO M.E. CARA A UN SINDICATO DEMOCRATICO DOS UNIVERSITARIOS GALEGOS POLO S.D.E.U.G.

A crise político-económica e social pola que atravesa o pais ten a súa espresión na Universidade. A política educativa do franquismo continuada agora polos reformistas sumíu á Universidade nunha crise profunda e permanente, revelando claramente a incapacidade do Réxime pra ofrecer unha saída á situación do ensino na Universidade.

MAIS é claro que todas as organizaciós dirixentes do movimento universitario non soupemos aproveitar esta situación pra, a partir dela, desenrolar un M.E. de masas capaz de plantexar unha saída política.

DESTA maneira pódese esplicar a pasividade do M.E. no transcurso do ano pasado mentras cada vez máis sectores da sociedade manifestábanse xa pola ruptura e pola libertades.

NESTE senso, non podemos mentar un M.E. pasivo i espectante ante a realidade política que vive hoxe todo o Estado español, tendo en conta que da nosa inserción hoxe no proceso da ruptura vai a depender o signo que tome no futuro a Universidade.

A partir de aiquí na I Conferencia decidíuse por levar adiante o seguinte:

a) a participación do M.E. no proceso da ruptura definíuse polos programas que as instancias unitarias da oposición, a nivel de todo o Estado e da nosa nación, teñen acordado, e loitando xa polas nosas propias reivindicaciós como estudiantes, o que, sen dúbida, fará necesario plantexar unha [illegible]

[illegible] á Universidade [illegible].

e outros [illegible] diferentes [illegible] [illegible] na ventaxa. "El Ideal Gallego" non publicóu deica o momento na súa sección "Contraste de pareceres" a opinión de [illegible] membro do noso partido, cando si o fixeron representantes de grupos como "Tácito", UDE, [illegible], FSU, UPG, AN-PG, [illegible], etc.

Ter claro estos dous conceptos é o único que esiximos desde estas liñas: VERACIDADE E LIBRE CONTRASTE DE PARECERES.

!Moito ollo! Non facemos esta crítica a "El Ideal Gallego" por ser anticomu[illegible] [illegible] [illegible] [illegible] [illegible] a política que [illegible] [illegible] bases. [illegible] facemos esta crítica é por antidemocracia, po[illegible] "cómo" se nos ataca i en "en qué condiciós" se nos atace. Faise con argumentos falsos e tendenciosos e nunhas condiciós de falla de libertades democráticas, cando atopamos moitísimas dificultades pra esplicar a nosa política públicamente.

Saiban o[s] anticomunistas, o mesmo qu[e] "El Ideal Gallego" pode tomar nota Augusto Assia e outros con actitudes semellantes, que [illegible]

[illegible]

[illegible] convenza.

E o que [illegible] tan simple como [illegible] non está inda [illegible] terado do que é a democracia, e como o [illegible] vai es[illegible] xir [illegible]

VIOLETA

1917 - OCTUBRE - 1976

A clase obreira, os campesiños, os mariñeiros, as forzas da cultura e todos os outros sectores progresistas da sociedade celebramos neste mes o 59 cabodano da Revolución de Octubre.

Por primeira vez na historia da humanidade o pobo facíase cos mecanismos do poder e construía unha sociedade sin clases sociales: nin esplotados nin esplotadores.

O que os políticos e idaólogos tiñan nomeado coma utópico, aparecía coma real.

Ere unha nova sociedade, na que ademáis de cambear as relaciós de produción, conquerianse grandes ésitos na produción e no desenrolo das artes.

Daquel Octubre a éste, ó do 1976 pasóu moito tempo.


As forzas progresistas, e os comunistas en concreto, como vangarda das clases oprimidas comprometímonos a espallar a revolución por todo o mundo.

[S]upemos aproveitar esa esperiencia e fóronse facendo revoluciós, e cada unha [illegible] suas particularidades: cada nova esperiencia unha nova leición, paro unha leición non pra repetir, sinón pra entender e saber aproveitar o que ti[illegible] [illegible] aplicable en cada país.

Así fóron e [illegible] as loitas [illegible] do pobo en [illegible], [illegible] Checoslovaquia, Cuba, Vietnam...

Hoxe, neste 59 cabodano os comunistas galegos chamamos a todas as forzas progresistas de todo o mundo a que aumenten os seus esforzos na loita [illegible] socialismo nos seus países, chamamos en [illegible] a todas as forzas progresistas galegas a aumentar os [illegible] ficentes esforzos levados a cabo [illegible] noso pobo.

Novo Rumie



DA capacidade que teña o M.E. pra xunguir a loita directamente política coa loita raivindicativa pola Universidade Democrática dependerá que asuma de novo o posto que sempre tivo na vangarda da loita democrática e antifranquista, dependerá que a Universidade xogue un importante papel na necesaria Alianza das Forzas da Cultura, das que o M.E. forma parte, coas Forzas do Traballo, Alianza que vai máis alá da conquista das libertades pra proiectarse deica o socialismo.

Tamén como único medio de ofrecer unha alternativa universitaria democrática e galega, que devolva á universidade o seu papel de reguladora da cultura ó servicio de toda a sociedade, ligada totalmente ás necesidades socio-político-económicas da nosa nación.

b) **Dotar ó M.E. e Universitario dos instrumentos necesarios pra conquerir esta ruptura.** Esto é, en primeiro lugar unha organización unitaria (de todos os estudantes) representativa e asamblearia, é decir, un verdadeiro sindicato democrático de estudantes universitarios galegos capaz de desenrolar todos os frentes que hoxe eisisten na Universidade: no aspecto cultural, deportivo, da problemática da muller, da situación económica dos estudantes, etc... Desde a cal se senten as bases da nosa participación nos órganos de goberno da Universidade, na elabouración dos nosos plans de estudo, da distribución de presupostos, etc. ... Capaz, á vez, de darlle á Universidade a proiección social que lle corresponde, ou seña, marcar as relaciós Sociedade-Universidade dun xeito concreto e racional.

CORRESPONDELLE a este sindicato o impulsar as relaciós entre os diferentes estamentos universitarios (PNN, PN, catedráticos) na perspectiva dun bloque universitario.

A Organización Universitaria do PCG é consciente que iste sindicato sólo vai ser posible conquerilo si desde o primeiro día do curso o M.E. asume masivamente tanto o aspecto de loita política directa pola ruptura como o de loita por transformar a propia institución universitaria. Esto traería consigo o poder formar desde o primeiro día as bases de esa organización democrática que é o sindicato que propoñemos.

c) Concretar unha alternativa democrática e galega á Universidade Franquista que hoxe temos. A realidade diferenciada de Galicia con respecto ó resto dos pobos do Estado, fai necesario unha Universidade completamente integrada na [illegible], cunha autonomía clara [illegible] á actual situación centralista. [illegible] que concretar xa cales [illegible] a dar pra conquerir esta nova Universidade. a creación de novas cátedras [illegible] ción de novas Facultades (Veterinaria, [illegible] les, etc...), incluso a formación de novas Universidades noutras cidades distintas de Santiago, son avances neste senso.

A Universidade Galega ten que ser impulsora da cultura do noso pobo, e así como hoxe pasa a primeiro plano a cooficialidade do noso idioma co castelán no camiño da normalización da língoa.

E claro pra nós, que esta alternativa á Universidade ten que vir dada no marco político da ruptura. En Galicia no marco das institucións xurídico-políticas plebiscitadas no Estatuto de 1936, neste senso o reivindicar o Estatuto é unha tarefa fundamental pra conquerir a autonomía camiño da autodeterminación.

POLO PC DE MASAS QUE NECESITAMOS NA UNIVERSIDADE.

BAIXO estas orientaciós a I Conferencia da O.U. do PCG acordóu impulsar:

1- **Formación de Agrupaciós comunistas** por Facultade como instancias básicas do funcionamento do Partido na Universidade. A estas asisten non solo os que teñen vinculaciós formales co Partido senon tamén todo estudante interesado en discutir a liña do Partido e o seu funcionamento interno. Dentro de cada Agrupación tentará fomentarse a iniciativa política e participación de cada camarada, de cara a un maior enriquecemento da liña do Partido.

2- Formación de **Comités** do Partido en cada Facultade, elexidos democráticamente en cada agrupación.

3- Reafirmarse no centralismo democrático como método.

4- Formación de unha Escola de preparación de cadros do Partido.

5- Impulsar conferencias do Partido por Facultade de xeito que permitan a todos os estudantes poder aceder directamente a nosa política.

6- Mellorar o contido, presentación e difusión da nosa propaganda.

7- Mellorar o aspecto financieiro do Partido entendendo que o mantemento económico é unha tarefa política fundamental, na que estean comprometidos todos [illegible].

NO 28 CABODANO DOS CAMARADAS GAIOSO E SEOANE



X.G. Gaioso

O día 6 de Novembre de 1948 eran executados Xosé Gómez Gaioso e Antón Seoane.

O primeiro, responsable do Comité de Galicia do Partido, mestre nacional, que tiña estado esiliado na Habana; o segundo, membro tamén do Comité de Galicia, que tiña sido tipógrafo no xornal "A Prensa" de Bos Aires.

Viñeron os dous no ano 1943 pra Galicia, traendo por equipaxe o alento da emigración galega en América e os seus conocimentos, integrándose como instructores da guerrilla en Galicia.

Desde entón deica agora, é certo que a loita política cambióu as formas, mais os ouxetivos son xustamente os mesmos: rematar coa dictadura e impoñer as libertades.

I é o Partido Comunista, o mesmo que entón dirixía políticamente a guerrilla, o que agora esfórzase xunto cos outros forzas da oposición, por conquerir a ruptura democrática e impoñer as libertades que permitan construir un novo Estado español, no que Galicia sexa considerada en pé de igualdade ós outros pobos do Estado.

pobo galego.

Lembremos a [illegible] héroes do Exército Guerrilleiro de Galicia, lembremos a todos os [illegible] antifascistas que loitaron polas libertades e [illegible] os seus [illegible] contra do fascismo polas libertades.

Os mortos que a [illegible] ten dado na loita pola liberdade son moitos. Desde os militantes da guerrilla nunha etapa, deica Amador Rei e Daniel Niebla na loita de masas, asasinados no Ferrol no ano 72 nunha manifestación pacífica, e tamén compre recordar a Moncho Reboiras e Xosé Humberto Baena, que deron a súa vida no último ano.

Fagamos de todos eles algo que nos anime na loita pola libertade, mais non un espritu de revancha.

Novo Ponte

CONVERSA **(da páx.11)**

e demáis institucións propias, poderá movilizar en apoio da súa plena libertade e do seu interés nacional, a maioría esmagadora do pobo. En xeneral, deica hoxe, soio movilízanse unhas vangardas, certo que cada vez máis largacias, pero aínda cativas en proporción ó devandito ouxetivo.

Quen non conte con esa realidade pode "teorizar" canto queira, pero o que logrará, máis que nada, será facerlle o xogo ó reformismo. Polo camiño desa teorización non se dará un paso adiante a favor da causa da libertade nacional e social do pobo galego.

AVDP — ¿COMPRE IMPLANTAR A CONSTITUCION DO 31 PRA POR EN VIGOR OS ESTATUTOS DA REPUBLICA?

R — Non é, en absoluto, necesaria esa implantación. Non hai que ver este problema nun senso xurídico formal sinón nun senso pol[illegible]

[illegible]

buie ó Estatuto. Doutra, que a posta en vigor do mesmo será a consecuencia de establecerse á cabeza do Estado, un Goberno provisorio ou executivo de transición que terá de gobernar por medio de decretos-leis. Esto é decote pola sinxela razón de que ese Goberno non será o resultado dun Parlamento ou Cámara lexislativa. Será consecuencia do acordo das Forzas democráticas que impoñan a ruptura, e do Pacto déstas coas Forzas Armadas, a Igrexa e aqueles que desde a Administración do Estado ou do Goberno están decididos a negociar e a facer realidade a ruptura pactada.

A partir désta terá que abrirse un período constituínte que acadará a súa cima coa proclamación pola correspondente asamblea constituínte dunha nova Constitución do Estado. No contesto desta nova realidade é como hai que considerar o noso problema.■

Nota: [illegible] pu- [illegible] Pobo

necesidade de que ten o pobo de conqueri-las. E máis, esa é unha condición fundamental pra seguir avanzando dende xa na loita polo socialismo na libertade.

AVDP — ¿QUE [illegible] AMPLIAR ESTE CONCEPTO?

R — O problema creo que é moi claro. A situación política xeral, é e máis concreta de Galicia, plantexa a necesidade de salir do sobrepasar o sistema de hoxe e o seu proiecto reformista, a Reforma do Sr. Suárez, porque non leva á democracia e porque non ofrece alternativa algunha, que sexa verdadeira, á problemática nacional galega.

Esa superación somentes pode ser definitiva impoñendo a ruptura democrática que, pra que se faga máis viable, debe ser pactada. Pois ben, dadas as presentes circunstancias políticas, ou seña, dados os límites en que se desenrola a loita e as características da unidade das forzas demócraticas no conxunto do Estado; dadas esas mesmas cincunstancias en Galicia, a reivindicación das institucións e principios do Estatuto de 1936, como fan as forzas democráticas de Catalunya i Euskadi, é a máis axeitada. Pero ademáis, esa reivindicación é a única que pode impoñerse en canto a ruptura sexa realidade. Facer esto posible é un deber do pobo galego e moi especialmente das súas forzas democráticas. Velahí o miolo do asunto.

AVDP — ¿LOGO CONSIDERAS A RUPTURA COMO CONDICION PRIMEIRA?

R — Por suposto. A ruptura democrática e a condición pra conquerir as libertades políticas reales no conxunto do Estado e pra que ditas libertades sexan completadas coas autonomías. Un goberno propio, autónomo, así como unha Cámara lexislativa, serán grandes conquistas do pobo galego, no vieiro de acadar despóis a total libertade nacional.

AVDP — ¿QUE ENTENDES POR LIBERTADE NACIONAL GALEGA?

R — Entendo a situación en que o pobo galego acade o dereito de autodeterminación e facendo uso dise dereito sexa ceibe pra dispoñer da súa sorte. Como nós coidamos que ésta está vencellada á dos demáis pobos de España, postulamos, como xa queda dito, un Estado español federal.

Mais ese dereito i ese porvir non se conquiren atacando o Estatuto do 36 que é a cota máis outa da vontade do pobo galego nun [illegible] da loi[illegible]ta histórica nacional. Tampouco [illegible] ra [illegible] se conquerirá endexamáis [illegible] esa libertade ó poder [illegible] mais si ésto sigue sendo, [illegible] xe, ditatorial e centralista.

En troques, ese porvir, [illegible] si, de acordo coas forzas do Estado que [illegible] son favorables, facemos posible [illegible] cemento en Galicia das institucións [illegible] tuto, e denunciamos e combatimos [illegible] ti nuidade do presente sistema [illegible] das súas forzas dirixentes de [illegible] pletemente os intereses nacionales [illegible] cia e non digamos xa os intereses popula res.

AVDP — ¿PODERIAS EXPLICITAR [illegible]

R — Quero decir que a libertade de Galicia pra decidir sobor dos seus destiños nacionales, conquerirase cando se logre unha relación de forzas favorables a ese [illegible] tanto en Galicia como en toda España, relación de forzas que hoxe non existe. Conquerirase coa democracia [illegible] a autonomía de Galicia.

Somentes cando se levar a cabo os necesarios cambios democráticos no Estado, a causa do pobo galego terá, a ese nivel, os apoios políticos de que hoxe carece. E somentes cando Galicia teña un Goberno de seu

(á páx.10)



—Te invito a afiliarte al partido que estamos organizando.
-Eu non lle podo decir o mesmo, señor alcalde.

¿POR QUE O PCG REIVINDICA O ESTATUTO DO 36?

Conversa con SANTIAGO ALVAREZ

primeira parte

Nu contesto de hoxe -contesta S. Alvarez a nosa primeira pregunta- a instauración en Galicia de instituciós democráticas propias, como son as previstas no Estatuto do 36 (Goberno [illegible] Cámara Lexislativa, etc.) crearía as condiciós políticas [illegible] son necesarias pra acedar o que pode e debe ser o "Estatuto do 76". Ou seña, crearíase o contesto pra que Galicia [illegible] a camiñar polo vieiro da libertade avanzando cora ás metas [illegible] que como pobo debemos aspirar.

AVDP—¿CALES SON ESAS METAS?

R— Galicia, en tanto que nación -pois Galicia é eso e non como din algúns unha formación social, xa que ésta defínese por outros caracteres- debe aspirar a conquerir o dereito de autodeterminación, e a facer uso dese dereito, pra contribuir a artellar un Estado español democrático federal do cal forma parte. Os comunistas galegos loitamos por facer realidade esa perspeutiva. Mais pra chegar a eso, a primeira conquista é a da libertade, a da democracia, a da autonomía.

AVDP—DIN QUE O ESTATUTO DO 36 ATOPASE SUPERADO I E TOTALMENTE INSUFICIENTE HOXE...

R— Os que din eso, e ademáis o din en polémica connosco, non plantexan o probleme co debido rigor, senón con certas intenciós políticas.

Primeiro, no ámbeto político non eisiste esa superación xa que o mentado Estatuto garantiza dabondo as libertades políticas e sindicales, a legalidade de tódolos partidos políticos, etc., axeitando esas libertades as condiciós concretas da nosa terra. E nos intres que vivimos é deso do que se trata. Outra cousa é o que se refire ó futuro.

Segundo, cando nós falamos de actualidade do Estatuto do 36 fácemolo considerándoo valedeiro pra fase provisoria, ou seña, pra encetar o proceso de democratización que se abrirá coas libertades i en tanto dura o periodo [illegible] no contesto do Estado. Así o [illegible] no II Congreso do P.C.G. [illegible] autonomía, declaramos: "O [illegible] blemas debemos afirmar que, [illegible] fundamental, anque provisoria, [illegible] asentarse esa autonomía na primeira [illegible] fases, mentras as forzas políticas [illegible] tes do pobo galego non elabouren, [illegible] un novo Estatuto, podería [illegible] 1936, que non chegóu a entrar en funciós, Estatuto que foi aprobado plebiscitariamente o 28 de xunio do mentado ano polo [illegible] por cento do censo electoral de entón [illegible] polo 99,23 por cento dos votantes, [illegible] ña, pola esmagadora maioría".

Terceiro. Certo que si falamos [illegible] goa e da cultura ou da economía, as prerrogativas que nos concede na letra [illegible] to, aparecen hoxe máis cativas [illegible] dito contrato foi feito. Pero hai [illegible] pouca imaxinación pra non matinar [illegible] gramos instituciós políticas propias, [illegible] as previstas no Estatuto, o [illegible] resultante dun proceso en que [illegible] papel determiñante a eisistencia desas propias instituciós, a sensibilización i [illegible] tade do pobo galego i o feito da eisistencia en España, como Estado, dun poder democrático.

Por outra banda, o [illegible] do Estatuto pódese [illegible] democráticas en xeral. Si se [illegible] contrapoñéndoas ó socialismo [illegible] vas; mais como sin as libertades [illegible] pensar que haberá socialismo, [illegible]